



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR
DE INFESTA
26 DE FEBREIRO DE 2013

ORDE DO DÍA

- 1.- **Informar das actuacións da parroquia**
- 2.- **Apoio do Consello Parroquial de Vilar de Infesta á parroquia de Chapela en contra da ampliación da AP 9**
- 3.- **Varios**

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo as vinte horas, do día vinte e seis de febreiro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Carlos García Taibo, representante do PS de G – PSOE
- Xosé Xavier Balsas Barbeira, representante do BNG
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Luisa Cayetano, representante de AER
- Eduardo Rodríguez Loureiro, representante das asociacións veciñais
- Manuel Davila García, representante das asociacións veciñais
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións veciñais
- Cándido Blanco Blanco, representante das asociacións culturais
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións culturais
- Mario Domínguez Estévez, representante das asociacións deportivas
- Antonio Balado Barciela, representante das asociacións deportivas
- José Quijeiro Figueroa, representante das comunidades de augas
- Purificación Rodal González, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- **Informar das actuacións da parroquia**

O Presidente do Consello Parroquial informa que se está facendo o que se demanda na parroquia que é sobre todo a limpeza de camiños. Está en marcha o saneamento da Chousa do que só falta o informe do interventor.



CONCELLO DE REDONDELA

O Camiño do Galleiro, que pertence á Deputación, está en anteproxecto porque para facer as beirarrúas hai que falar coa veciñanza para que cedan terreo a cambio de que se lles faga o muro. Se aceptan faríase o proxecto e iría para adiante, non ten sentido gastar cartos nun proxecto se a veciñanza se vai opoñer a el.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se xa hai orzamento e canto tempo tardaría. O Presidente di que non se vai facer nada ata saber a resposta da veciñanza, porque se non se fan beirarrúas o orzamento será distinto e se se chega a un acordo irían nos orzamentos do ano que ven.

José Quijeiro Figueroa pregunta se hai anteproxecto e relación das/os afectadas/os para traelo a este Consello Parroquial. O Presidente di que ten os planos que lle deixa unha fotocopia e que tamén existe a relación das/os veciñas/os afectadas/os e que lla facilita para que así a asociación de veciñas/os contacte con eles para explicarlle a situación.

Edesio Crespo Loureiro pregunta se ás/aos veciñas/os que cedan se lles vai entregar algún documento que xustifique esa cesión. O Presidente di que si.

Cándido Blanco Blanco pregunta se despois de ceder hai que deixar retiro para facer o muro. O Presidente di que o muro iría cando remata a beirarrúa

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta a distancia que hai que deixar para calquera edificación. O Presidente di que logo se aplicarán as normas urbanísticas propias da zona.

Cándido Blanco Blanco solicita que se traia o proxecto de saneamento da Chousa. O Presidente informa que se traerá e que o proxecto comprende parte da Chousa, Os Eidos dende o Galleiro ata o aeroporto, a zona do Centro Cultural e a Costa de San Martiño, quedará por facer unha parte do Campo de Fútbol.

Purificación Rodal González pregunta polo saneamento do resto da parroquial. O Presidente informa que hai un proxecto para facer dende o colexio ata Millarada, pero aínda non se pode dicir para cando.

José Quijeiro Figueroa pregunta se o proxecto de saneamento inclúe asfaltado, iluminación. O Presidente di que si está contemplado todo.



CONCELLO DE REDONDELA

Mario Domínguez Estévez di que nunha parte sempre se está facendo o bombeo e cando sacarán esas bombas. O Presidente di que se van quitar e que o problema é que FENOSA corta a luz e por iso hai que bombear.

Edesio Crespo Loureiro pregunta se hai orzamento para o saneamento de Vilar. O Presidente di que as obras fanse por fases e que este ano vaise facer o proxecto da Chousa, que tamén inclúe outros barrios.

Eduardo Rodríguez Loureiro sobre a estrada do Galleiro pregunta quen vai facilitar o documento de cesión para que asine a veciñanza. O Presidente di que se facilitarán copias á asociación de veciñas/os para que se entreguen ás/aos afectadas/os.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se se vai facer unha rotonda na de Vaqueiro e se está reparado o banco do parque. O Presidente di que non se pode facer porque non dan os metros e o banco aínda non está reparado por un problema coa pedra.

Manuel Davila García pregunta se se van sinalar os cruces onde se fagan as obras. O Presidente informa que se vai humanizar todo.

2.- Apoio do Consello Parroquial de Vilar de Infesta á parroquia de Chapela en contra da ampliación da AP 9

O Presidente informa que os grupos políticos do Concello están en contra da ampliación da AP 9. A parroquia de Chapela xa está moi castigada por dúas vías de tren, dúas nacionais e unha autopista e esta ampliación non vai resolver os problemas do tráfico. Polo que propón que o Consello Parroquial de Vilar apoie á parroquia de Chapela en contra da ampliación da AP 9.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se ir en contra da ampliación supón que se faga outra alternativa. O Presidente informa que polo de agora non se vai facer nada, nin se ten ningunha información.

Manuel Carballido Castro di que se non se amplía a ponte terán que facer un desdoblamento noutro lugar e antes ou despois farán unha variante. O Presidente di que o tráfico na ponte baixou e non é necesario agora facer un desdoblamento.



CONCELLO DE REDONDELA

Por unanimidade, as/os membros do Consello Parroquial de Vilar de Infesta aproban apoiar á parroquia de Chapela en contra da ampliación da AP 9.

3.- Varios

Purificación Rodal González pregunta pola humanización do Galleiro e se o Concello podería axudar nos arranxos do campo de fútbol, xa que precisan alumeado e baños. O Presidente di que non é de propiedade municipal, polo que deberán solicitar axuda a través das subvencións da Concellería de Deportes.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se se van facer actuacións sobre as medidas de seguridade vial no cruce para Porto Cabeiro como instalación dun semáforo e paso de peóns. O Presidente informa que xa se están acabando as obras e estivo co enxeñeiro Faustino Rubio e non se vai poñer o paso de peóns, porque sería moi perigoso, xa que non hai visibilidade teríase que poñer máis adiante. O semáforo non se vai poñer polo de agora.

Eduardo Rodríguez Loureiro pide que o Concello solicite que se pinte e se poña un paso de peóns na de Pica Morena.

O Presidente informa que é unha estrada do Concello e se farán actuacións. Sobre a seguridade vial se lle enviou un dossier a Fomento non só de Vilar senon de todo o Concello, pero son eles quen toman as decisións.

Xosé Xavier Balsas Barbeira di que se podería propoñer que se transfira a estrada á Xunta e así poder prohibir o tráfico pesado.

Edesio Crespo Loureiro di que o tráfico ten que ir por algún lado e non hai outro. Xosé Xavier Balsas Barbeira di que se podería regular dalgún xeito.

Purificación Rodal González solicita que se revisen os puntos de luz da parroquia na de Pica Morena e pide que se poñan novos puntos dende a Igrexa ata a de Choles.

Eduardo Rodríguez Loureiro informa que dende a asociación de veciños se pediron un punto de luz para o xardín onde está a poza e dous espellos un no



CONCELLO DE REDONDELA

cruce de Pica Morena coa Estrada de Porto e outro no cruce do Centro Cultural coa rúa Párroco Don Luis.

O Presidente informa que os espellos póñense despois de que o xefe da Policía Local faga un informe sobre a súa necesidade. Eduardo Crespo Loureiro di que nin se quera teñen constancia de que o xefe da Policía Local viñera.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.